

# MAÍS PROXECTOS

**PLURINFANTIL.** Somos un centro plurinfantil que ofrece unha área de infantil na lingua inglesa e contamos no centro con auxiliar de conversa.



**Sección Bilingüe.** Impartimos aos nosos alumnos/as de primaria a área de educación plástica en inglés.

**Proxecto PLAMBE.** É un proxecto de mellora de biblioteca que levamos a cabo no centro, xa que consideramos que o gusto pola lectura é primordial na formación dos alumnos/as. Contamos con máis de mil douscentos libros tanto en galego, coma en castelán e inglés.



**Proxecto Voz Natura:** Co que queremos concienciar aos nenos/as sobre o coidado do medioambiente, facendo especial fincapé nas hortas que temos nas escolas e nos diferentes talleres de comida saudable.



**VOZ & NATURA**



# PRAZOS DE MATRICULA

⇒ Do 1 ao 20 de marzo ábrese o prazo para solicitar praza nos centros edu-

Convidámoste a que nos coñezas máis visitando a nosa páxina web e o noso blog:

[www.edu.xunta.es/centros/craboqueixónvedra](http://www.edu.xunta.es/centros/craboqueixónvedra)

Para calquera dúbida, aclaración ou se queres visitarnos para ver como son as nosas instalacións ou como traballamos non dubides en contactar con nós:

- ⇒ De luns a venres de 9 a 14 horas nas escolas
- ⇒ Os martes de 16 a 18 horas e os mércores de 9 a 14 na sede do CRA sita en Lestedo, encima da Escola Infantil Municipal.

## C.R.A. BOQUEIXÓN-VEDRA "NEIRA VILAS"

- ⇒ EEI DE CAMPORRAPADO
- ⇒ EEI DE LESTEDO
- ⇒ EEI DE SAN XIÁN
- ⇒ EEI DE SERGUDE
- ⇒ CEIP DE SAN FINS
- ⇒ CEIP DE SARANDÓN



Rede de Escolas na Nube



# Educando en familia

## AS NOSAS ESCOLAS

O noso CRA formouse no ano 2006 e forman parte del seis escolas, tres do concello de Vedra ( Sarandón, San Fins e San Xíán) e tres do concello de Boqueixón ( Sergude, Lestedo e Camporrapado).

Pertencemos ó claustro do centro **16 mestres/as**. As nosas **escolas son dixitais**, contamos con encerado dixital interactivo en todas as aulas, ordenadores de mesa e ordenadores portátiles e tablets que os nenos/as empregan todos os días.



Así mesmo, contamos en todas as escolas con salas de xogo e psicomotricidade, cunha dotación moi importante de xogos educativos, multimedia e outros recursos e biblioteca .

## A NOSA OFERTA



Ademais das Clases coa súa titora/titor os nosos alumnos/as tanto de educación infantil como de primaria contan coas seguintes especialidades:


Dúas sesións semanais de Lingua Inglesa de 50'



Dúas sesións semanais de Música



Dúas sesións semanais de Educación Física



Unha/dúas sesións semanais de Formación relixiosa/ Atención educativa.




Unha sesión de logopedia, e en caso de precisar atención personalizada, unha sesión semanal individual .



## OS NOSOS PROXECTOS



Proxecto **REDE ESCOLAS NA NUBE** .Os nosos nenos/as de entre 3-7 anos que xa manexaban os ordenadores e os encerados dixitais sen ningunha dificultade para as súas tarefas diarias de clase, agora contan cun escritorio Virtual o Cal acceden tanto dende a escola coma dende a casa a todo o material ( vídeos, xogos, fichas, traballos,...) relacionado cos diferentes contidos que estamos a traballar. Posibilitando así mesmo o traballo colaborativo entre a escola e as familias .



Proxecto **ROBOTICRA**. Creemos que a robótica é unha temática que nos ofrece un gran abano de posibilidades para desenvolver cos nenos/as. Creemos que o importante non é aprender robótica, que tamén, se non aprender coa robótica. E así foi como chegaron os robots ao CRA Boqueixón- Vedra.